



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/9	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

25 de setembro de 2025

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 22:00

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ





76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Expediente 1073/2025. Declaración Institucional relativa a Tivaygasa

Polo conxunto do grupos políticos (PSOE,PP e BNG) se presenta a seguinte declaración institucional:

<< Desde a Corporación Municipal do Concello de Guitiriz integrada polos grupos municipais do PsdG, PP e BNG queremos amosar o noso profundo malestar e disconformidade ante o repentino anuncio de peche da empresa TIVAYGASA, que deixa sen emprego a unhavintena de traballadores e traballadoras, na maior parte, veciños e veciñas do noso Concello.

Non estamos dacordo co peche, nin no fondo nin nas formas.

Este anuncio, realizado nunha reunión convocada para falar de atrasos nos pagos, sen aportar documentación algunha nen aclarar nin a forma na que se vai levar a cabo o peche, nin a data, nin a afectación que vai ter na plantilla, engade un plus de sufrimento ás familias afectadas, que se ven nunha situación incerta e chea de incertidume diante do que vai pasar.

Esximios por iso a empresa Tivaygasa que se reúna de xeito inmediato coa representación legal dos traballadores e aclare o alcance do anuncio, aporte a documentación necesaria para coñecer a situación real da empresa e detalle como e cando se vai realizar o peche.

Asimesmo dende a Corporación Municipal do Concello de Guitiriz queremos trasladar todo o noso apoio ás persoas traballadoras afectadas, solidarizámonos coa súa situación e poñémonos á súa disposición para acompañalos neste proceso, sumándonos ás iniciativas e mobilizacións que se leven a cabo na defensa dos seus postos de traballo.>>

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1072/2025. Dación conta resolucións alcaldía dende o Nº 2025-0620 ata o Nº 2025-0767

Dáse conta das resolucións da alcaldía dende o Nº 2025-0620 ata o 2025-0767

Aprobación da acta da sesión anterior





O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE e BNG e coa abstención do PP, aprobou a acta da sesión de 31 de xullo de 2025	
Expediente 450/2025. APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2024.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 1

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2024

De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno deste Concello) atópanse as de “*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*”, sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinar e presentar reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, modificado na disposición final décimo novena da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 24/06/2025 (BOP nº 143 de data 24/06/2025) o trámite legal de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de





marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas a proposta de aprobación da conta xeral.

Vista a proposta de resolución PR/2025/779 de 27 de agosto de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE (salvo o de Don Ramón Rivas Villares, que se incorpora posteriormente) ,cos votos en contra do BNG e coa abstención do PP, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2024 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei de facendas locais.>>

Expediente 1033/2025. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS. PLENO 4-2025	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 1

<< Feitos e fundamentos de dereito:

PROCEDIMIENTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE PLENO 4/2025.

Consta nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE e no rexistro da sede electrónica por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

Rexistro	Data factura	Concepto	Terceiro	Partida orzamentaria	Importe
2025-1343	11/11/2024	Subministro de deshumificador	Golam Energia S..L.U.	920.22199	220,40
2025-1342	08/10/2024	Subministro de microondas	Golam Energia S..L.U.	920.22199	79,00
2025-1538	30/11/2024	Subministro de barra y torta de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	21,71





2025-1537	30/11/2024	Subministro de tortas de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	22,50
2025-1536	630/11/2024	Subministro de tortas de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	15,76
2025-1535	630/11/2024	Subministro de tortas de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	10,98

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes que obran no expediente que existe a c onformidade das facturas de referencia e a Documentación xustificativa por parte dos provedores.

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente xa que se inclúe crédito adecuado e suficiente no orzamento do ano 2025, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 23 das de execución do vixente orzamento municipal.

Considerando que é necesario aprobar os importes que se derivan das facturas, tendo en conta “principio de non enriquecemento inxusto” sentado pola xurisprudencia, no sentido de que se o gasto foi efectivamente/materialmente realizado, nas condicións pactadas, e en consecuencia é esixible, as empresas que realizan a prestación ou prestan o servizo deben ser resarcidas, pese a que quede acreditado no expediente a omisión de trámites esenciais no procedemento.

Vista a proposta de resolución PR/2025/855 de 15 de setembro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE (salvo o de Don Ramón Rivas Villares, que se incorpora posteriormente) ,cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver a discrepancia exposta a favor do criterio exposto pola intervención municipal conforme aos argumentos expostos nos antecedentes da presente proposta.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial, levantar o informe de reparo de intervención e por tanto as prestacións executadas, das facturas que se relacionan deseguido:

Rexistro	Data	Concepto	Terceiro	Partida	Importe
----------	------	----------	----------	---------	---------





	factura			orxamentaria	
2025-1343	11/11/2024	Subministro de deshumificador	Golam Energia S..L.U.	920.22199	220,40
2025-1342	08/10/2024	Subministro de microondas	Golam Energia S..L.U.	920.22199	79,00
2025-1538	30/11/2024	Subministro de barra y torta de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	21,71
2025-1537	30/11/2024	Subministro de tortas de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	22,50
2025-1536	630/11/2024	Subministro de tortas de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	15,76
2025-1535	630/11/2024	Subministro de tortas de millo	Panaderia La Esquina SLU	334.22199	10,98

Terceiro Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Cuarto.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 968/2025. BONIFICACION DO ICIO POR OBRAS DO EXPLOTACIÓN GANDEIRA.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 10, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 1

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: RECOÑECIMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN OU OBRAS.

PRIMEIRO: ANTECEDENTES

· Solicitud 2025-E-RE- 605 de 16/05/2025 de Franscico Ramiro Gómez Fole en representación de Agrocarran SI con CIF B 27489525 de solicitud de bonificación no ICIO por obras no establo e fosas de zurro.

· Informe da técnica de urbanismo 2025-267 de 04/08/2025 de que se cumpre co que as obras están destinadas a unha explotación gandeira pero non se acredita a inscrición no REAGA do suxeito pasivo. Que é unha sociedade limitada unipersonal.





Certificado do acordo da Xunta de goberno local de 18/06/2025 de Concesión a AGROCARFRAN, S.L. (27489525), licenza urbanística para B reforma e ampliación de edificacións para implantación de gando vacún de leite en Lg. Campo de Aviación- Barreiro-S. Xoán de Lagostelle, Guitiriz, (referencia catastral 27022A258008300000MG) de acordo co proxecto de obra e actividade do enxeñeiro técnico agrícola Raúl Marcos Rodríguez con número de colexiado 1.098 polo COETA LU (visado colexial nº 2024/00198 de 30/08/2024

Declaración de autoliquidación e liquidación de de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
AGROCARFRAN, S.L.	Taxa	1.160.708,99	0,12% (mínimo 30,00 €)	1.392,85
	ICIO	1.160.708,99	2,2%	25.535,60
			TOTAL	26.928,45

SEGUNDO. ORDENANZA FISCAL.

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A1 en relación as construcións instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outras, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias concretas e podendo ser ata o 90% da cota do imposto.

En concreto o artigo di:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) *RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.*

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva





a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.

o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 50% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario."

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante NON cumpre co requisito de ser traballador autónomo, cooperativa ou SAT, e non se encontra, polo tanto nos supostos contemplados na ordenanza fiscal en relación co artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexilativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A1) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*

O suxeito pasivo como consta no expediente é una sociedade limitada, AGROCARFRAN, S.L. con CIF B 27489525.

Vista a proposta de resolución PR/2025/803 de 1 de setembro de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 8 de setembro de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE (salvo o de Don Ramón Rivas Villares, que se incorpora posteriormente) e do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Non conceder a bonificación do imposto sobre construcións, instalacións e obras para a obra de reforma e ampliación de explotación de vacún de leite por non cumprirse o requisito do suxeito pasivo de ser traballador autónomo, cooperativa ou SAT, xa que é unha sociedade limitada.

Segundo . Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos e se procedan a emisión da liquidación tributaria do imposto de construcións, instalación e obras polo importe de 25.535,60 euros.>>





Expediente 188/2025. BONIFICACION DO ICIO POR OBRA DE UTILIDADE PUBLICA DE INTESES ARTISTICO. BEN CATALOGADO.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

ASUNTO: RECOÑECIMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS OU OBRAS.

PRIMEIRO. ANTECEDENTES

- Solicitud nº 2025-E-RE-1123 de Juan Luis Tomé Sanjiao en representación de Smile Simon SL de solicitud de bonificación do 75 por 100 do Imposto de Construcións, Instalacións e obras de circuntancisas culturais e históricas. Artísticas.
- Auqtoliquidiación da taxa por actuación administrativa de licenza por importe de 30,00 euros e do imposto sobre construccións, instalacions e obras por importe de 567,82 euros.
- Certificado de acordo de Xunta de goberno local de 09/07/2025 de concesión a SMILEZ SIMON, S.L. con CIF B70473855 licenza de obra para rehabilitación do Muíño de Merra (Muíño do Casal I) sito en Lg. Rexedoiro (O Casal), S. Salvador de Parga (referencia catastral 27022A097003190000TP).
- Informe da técnica municipal de urbanismo de o proxecto cumpre co disposto na ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras no senso de se cumpre o seguinte: “De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, estabécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumplan os seguintes requisitos: Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz, trátase dun inmovble catalogado.

SEGUNDO. REGULACIÓN DA ORDENANZA FISCAL.

Na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, aprobado por este Concello publicada no BOP número 046 de data 25/02/2012 e modificada respecto as bonificacións sendo publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023 dita modificación, recollese no artigo 6 unha bonificación potestativa por razón de interés especial ou utilidade pública municipal, concretamente no apartado A2 en relación as Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

En concreto o artigo di:

“ARTIGO 6. BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.





De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) *RAZÓNS DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.*

A2.- CIRCUNSTANCIAS CULTURAIS E HISTÓRICO-ARTÍSTICAS

Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

Obras, construcións u instalacións realizadas dentro do ámbito da área de rehabilitación integral do Concello de Guitiriz polas obras que son obxecto de subvención dentro do programa do ARI.

A bonificación será do 75% da cota do imposto.

TERCEIRO. Vista a documentación obrante no expediente, o solicitante encontrase dentro dun dos supostos de bonificación contemplados no artigo 103.2ª) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e tamén no artigo 6. A) A2) da correspondente ordenanza fiscal reguladora*.*

Considerando que o importe final da execución da obra foi de 25.810,00 euros, aplicando a ordenanza en canto a bonificacións de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais, a liquidación sería 567,82 euros, a **bonificación do 75%** na cota do imposto municipal de construción, instalación e obras a cota a abonar do ICIO será 141,96 €, sendo a bonificación polo mesmo importe de 425,86 euros.

Vista a proposta de resolución PR/2025/780 de 27 de agosto de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 28 de agosto de 2025.

Resolución:

O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE (salvo o de Don Ramón Rivas Villares, que se incorpora posteriormente), do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO . Declarar o especial interese ou utilidade pública, a obra para rehabilitación do Muíño de Merra (Muíño do Casal I) sito en Lg. Rexedoiro (O Casal), S. Salvador de Parga (referencia catastral 27022A097003190000TP.

SEGUNDO. Conceder a Smile Simón, S.L. con CIF B 70473855, una bonificación do 75% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, para a obra do presente expediente, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 16 de data 20 de xaneiro de 2023,





amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Proceder a devolución de ingresos do importe ingresado por importe de 425,86 euros.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Incorporase a sesión o concelleiro don Ramon Rivas Villares.

Expediente 1040/2025. Moción BNG sobre vaga lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e medidas necesarias para evitar que se repita.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

<< Resolución:

Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez, concelleiros do grupo municipal do Bng de Guitiriz ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación a seguinte MOCIÓN sobre:

A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR QUE SE REPITA ESTA CATÁSTROFE MEDIANTE UNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO.

Exposición de motivos:

Galiza viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica deixou en gran parte do noso territorio (nomeadamente nas comarcas de Ourense) son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente.

En canto ás dimensións reais do desastre, o sistema europeo Copernicus fixo unha estimación de máis de 143.000 hectáreas queimadas no mes de agosto (145.000 en todo o ano), mentres que a Xunta deu uns datos sensibelmente inferiores: 108.411 en agosto e 110.994 en todo o ano.

Esta vaga de lumes, máis que unha praga bíblica, ou unha acción atribuíble soamente a mentes perturbadas, é a consecuencia directa dunha xestión *absolutamente negligente* por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia.

O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en





circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de brigadas, veciñanza e persoas voluntarias —a quen queremos agradecer e recoñecer publicamente o seu labor—, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie arbórea.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A rabia, a dor e a indignación ante unha catástrofe que podería terse evitado deben traducirse en acción política. A Xunta de Galiza non pode seguir respondendo con “silencio, resignación ou a rutina de promesas baleiras e propaganda”. O uso político partidista e carroñeiro que o PP quixo facer no medio dos peores incendios da nosa historia é inadmisíbel. Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva.

É por iso que o BNG defende un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE do BNG e votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo:

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza á inmediata posta en marcha dun **Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental** Xunta-Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de ata 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de ate 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.
2. Urxir á Xunta de Galiza a pór en marcha un **Plan de Emprego Verde de restauración ambiental** das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.
3. Demandar á Xunta a aprobación dunha **moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto** para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.
4. Instar á Xunta de Galiza a **duplicar os fondos de prevención** nos dous próximos anos.
5. Exixir o **reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción**, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.





6. Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.
7. Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostibles e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.
8. Demandar a **asunción de responsabilidades políticas** por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión “absolutamente negligente” e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.>>

Expediente 1039/2025. Moción BNG sobre o Sistema Público de Atención a Dependencia en Galiza	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

<< **Resolución:**

Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez, concelleiros do grupo municipal do Bng de Guitiriz ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de atención á dependencia en Galiza está a sufrir un preocupante proceso de desmantelamento, como vén denunciando insistentemente o BNG no Parlamento galego. Lonxe de garantir os dereitos das persoas dependentes, a política da Xunta de Galiza —baixo o Goberno do Partido Popular—está centrada nun modelo asistencialista e privatizador que empobrece o servizo público e devolve os coidados ao ámbito doméstico, recaendo maioritariamente sobre as mulleres. Na actualidade, máis de 2.000 persoas en Galiza agardan pola valoración da dependencia, duplicando o tempo que marca a propia Lei de Dependencia. A media de espera sitúase nos 361 días, o que fai de Galiza a cuarta comunidade co maior atraso para acceder ás prestacións. Ademais, Galiza é o territorio que menos inviste por persoa dependente: 1.317 euros ao ano, fronte aos case 2.000 da media estatal e moi lonxe dos 2.900 euros que inviste o Goberno vasco. Este infra-investimento tradúcese en recortes de servizos esenciais, substituídos por axudas precarias que non garanten o dereito das persoas maiores e dependentes. No primeiro semestre de 2025, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) perdeu 1.026 persoas usuarias, e os centros de día, case 3.000. Mentres, as axudas asistencialistas incrementáronse en máis de 6.000,





cunhas cantidades que non superan os 400 euros mensuais, menos da metade do Salario Mínimo Interprofesional. O recorte orzamentario destinado ao SAF é especialmente grave. Só nos últimos dous meses, a Xunta retirou 17 millóns de euros deste servizo: 12 millóns en xuño e 5 en maio. O SAF está ao bordo do colapso por falta de financiamento, como veñen denunciando os concellos, a FEGAMP e o propio BNG. No último Pleno do Parlamento, o Partido Popular votou en contra da proposta do BNG para elevar o financiamento do SAF até os 20 euros por hora, unha medida fundamental non só para garantir unha atención digna ás persoas usuarias e unhas condicións laborais xustas para as traballadoras, senón tamén para aliviar a carga económica que os concellos están a asumir por unha competencia que lles é impropia e que a Xunta non financia de maneira responsábel nin suficiente. Por primeira vez, hai máis persoas dependentes en Galiza pagando unha residencia privada que ocupando unha praza pública ou concertada. Máis de 7.400 persoas reciben unha axuda de entre 361 e 420 euros ao mes, mentres o custo medio dunha residencia supera os 2.000 euros. Isto facilita que empresas privadas absorban as axudas públicas e incrementen os prezos, vulnerando un dereito fundamental. O modelo do Partido Popular persegue dous obxectivos: devolver os coidados ao fogar e que os asuman, de novo, as mulleres. Segundo datos da propia Xunta, o 82% das persoas coidadoras no domicilio son mulleres que, en moitos casos, teñen que renunciar á súa vida laboral para atender familiares dependentes. Fronte a estas políticas regresivas, o BNG reafirma o seu compromiso cun sistema público de coidados que garanta unha vellez digna e os dereitos das persoas dependentes, como parte fundamental do estado do benestar.

Ante esta situación, é imprescindible que o Pleno desta Corporación se posicione en defensa do sistema público de atención á dependencia e esixa á Xunta de Galiza un cambio radical nas súas políticas.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE do BNG e votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza a reverter de maneira inmediata os recortes no orzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), garantindo un financiamento suficiente para cubrir as necesidades das persoas usuarias e mellorar as condicións laborais das traballadoras, elevando o financiamento por hora até os 20 euros.
2. Esixir á Xunta de Galiza a redución dos tempos de espera para a valoración e acceso ás prestacións de dependencia, garantindo o cumprimento dos prazos legais.
3. Reclamar á Xunta de Galiza un incremento substancial do investimento por persoa dependente, até acadar como mínimo a media estatal, co obxectivo de reforzar a rede pública de atención.
4. Instar á Xunta de Galiza a abandonar as políticas privatizadoras e asistencialistas, priorizando o reforzo das prazas públicas e concertadas en residencias e centros de día, e





garantindo o dereito a unha vellez digna.

5. Manifestar o compromiso do Concello de Guitiriz coa defensa do sistema público de atención á dependencia como pilar fundamental do estado do benestar e dereito esencial da cidadanía.

6. Dar traslado deste acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galiza, aos grupos parlamentarios do Parlamento galego e á FEGAMP.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROGOS E PREGUNTAS
Expóñense os rogos e preguntas que se recollen na video-acta.
Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante un sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe: SHA512 - 19c7584fc39b37ffbf8fa0cb55f2bed63b6667baa4292c166d72cd9dcb098b645daf83fc7999b93f8e50d375c2c58c16337cf9082f99b8dd1c9404d9983ca436
O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace: https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=NzNiZGVjZTUtOGYzYy00MTklLTg5ZjUtOTQxMTVINzI2Nzg0

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

